



## LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2020/2021.

### 1.- EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Continuar coa catalogación no Meiga dos fondos documentais de consulta e todos os que se vaian adquirindo.
- Mercar e renovar progresivamente os libros das aulas, dende infantil ata sexto de primaria. Tanto libros de consulta coma outro tipo de lectura axeitada aos intereses do alumnado dos distintos niveis e en función do/s proxectos que estean a traballar.
- Seguir actualizando a sección de consulta, a través de novas adquisicións sobre todo de libros de consulta axeitados para traballar no PDI de centro e/ou nos proxectos de aula.
- Continuar ca catalogación dos fondos bibliográficos da biblioteca do profesorado.
- Adquirir novo material audiovisual e continuar co préstamo.
- Afianzar as normas de organización dos fondos e uso adecuado dos espazos.
- Continuar ampliando a máis usuarios/as (profesorado, alumnado e familias) o rexistro na Plataforma E- LBE2 na que estamos inscritos dende o curso 2017-2018. Explorar as posibilidades que oferta esta plataforma de cara ás novas situacións.

### 2.- EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

- Continuar ampliando e actualizando o fondo bibliográfico con material de consulta, monografías... tendo en conta o PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO DE CENTRO no que nos vexamos inmersos no vindeiro curso.
- Adquirir máis material e fondos relacionados coa educación dixital, xogos de lóxica, xadrez, xogos de estratexia, así como documentación para os proxectos de aula, de centro, os talleres e o plan de convivencia.
- Expoñer no andel de novidades os libros adquiridos, para promover o interese das/dos usuarias/os.
- Abrir unha vía de participación activa cas familias a través da ANPA.
- Informar ás familias, na primeira reunión de curso das posibilidades que, como socios, ofrece a biblioteca (bibliografía xuvenil e para adultos, disponibilidade de dous ordenadores con conexión a Internet, colaboración en actividades culturais como as sesións de contacontos e as charlas temáticas nas xornadas culturais, xogos de mesa na biblioteca, robótica na biblioteca, impresión 3D, realidade aumentada, efecto chroma, mesas de luz, tablets ca aplicación de acceso á plataforma ELBE2 onde dispoñen de gran variedade de títulos de lectura...).
- Divulgar entre o profesorado os materiais relacionados co tema transversal a través do blog, o correo electrónico e das exposicións nos andeis da BE.
- Manter o BLOG actualizado como plataforma onde obter información sobre editoriais, enlaces web de búsqueda de información para os proxectos, de outras bibliotecas, actividades programadas, eventos, novas, anuncios, presentacións en vídeo das actividades realizadas...
- Compartir a dinamización do BLOG co equipo de EDLG.
- Dinamizar a páxina de Facebook da Biblioteca que puxemos en marcha no curso 2015-2016 con información doutras bibliotecas e información cultural, principalmente da nosa contorna, obras de teatro, xornadas, presentacións literarias, exposicións e a páxina de instagram que tamén nos permite dar visibilidade ás actividades que levamos a cabo na Biblioteca Axexo...
- Apoiar os proxectos e programas que estamos levando a cabo: EDIXGAL, APRENDIZAXE COOPERATIVA, PLANS PROXECTA, CONTRATOS PROGRAMA: Mellora da competencia

matemática, lingüística, en ciencia e tecnoloxía, Convive, Inclúe-te, Iguala-te, tendo en conta os centros de interese en relación ao STEAM, ou calquera outro que poida xurdir, como por exemplo, no curso 2019/2020: selección e adquisición dos fondos das partidas específicas para igualdade.

- Colaboración cos PFPP que se propoñan, para a selección de bibliografía.
- Programar e dinamizar en colaboración cos diferentes equipos do centro: EDLG, co Equipo de Dinamización de Actividades Extraescolares e co Equipo de Dinamización de TICs no Proxecto Documental Integrado para todo o centro e outras conmemoracións relevantes, tendo como prioridade o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3.- EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS/AS E A ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIA PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL).

- Programar actividades para o alumnado que leven a práctica aspectos relacionados coa formación de usuarios/as e a educación documental. Algunhas destas actividades serán levadas a cabo por alumnado responsable da BE.
- Formar ao profesorado de nova incorporación sobre o funcionamento e as posibilidades que ofrece o programa Meiga.
- Divulgar entre o alumnado e o profesorado o uso do OPAC Meiga.
- Continuar co equipo de responsables da BE (alumnado voluntario dende 4º a 6º de primaria) para informar e formar, coa axuda dun profesor do equipo, ao alumnado que acude como usuario/a en horario de recreo e colaborar noutras tarefas como charlas de formación de usuarios/as, xestión da "Feira do libro usado", sesións de contacontos na hora de ler, elaboración de carteis, colocación dos fondos, forrado...
- Contar coa colaboración do equipo das TIC para o asesoramento e a elaboración de materiais en soporte dixital.
- Involucrar ao alumnado que forme parte do equipo de responsables da BE no mantemento do blog.
- Continuar co traballo realizado nos cursos 2016-2019 en relación aos escornabots, a robótica e o aprendizaxe da linguaxe de programación. Dende infantil ata 6º de primaria. E continuar ca formación tanto de mestras/mestres como do alumnado nas novas ferramentas que van aparecendo en canto á Educación Dixital.

### 4.- EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

- Continuar coa "hora de ler" 30 minutos diarios, plantexando diferentes modalidades de lectura, como sesións de contacontos entre o alumnado, familias lectoras, familias que teatrealizan contos para mostralo no centro, conferencias dunhas aulas a outras, ofrecendo datos relevantes como son as fontes de información.
- Seguir coa actividade das mochilas viaxeiras, incorporando materiais renovados de distintos xéneros literarios, relacionados co PDI e dirixidos ao alumnado e ás familias, sempre que as circunstancias sanitarias o permitan.
- Promover a participación da comunidade educativa: na elaboración de artigos para publicar no blog, na comunicación de comentarios no facebook, realizar sesións de contacontos, de comunicación de experiencias ou calquera outra proposta que se adapte ao tema transversal do curso.
- Organizar a XII edición da "feira do libro usado", co fin de renovar o material bibliográfico.
- Participar xunto con outros centros do entorno na actividade de radio escolar con programas de recomendación literarias que se emite en diferido unha vez á semana dende a radio municipal de Tui.
- Fomentar o gozo da lectura a través da lectura dixital: contos interactivos e dixitais; tanto obras clásicas coma obras de actualidade en lingua galega, castelá e inglés. Os libros interactivos veñen acompañados de ilustracións que permiten interactuar á lectora ou ao lector a través de xogos, acertixos, adiviñas ou outras actividades educativas.

### 5. - EN RELACIÓN COS AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

- Contamos coa colaboración da Asociación de Autismo para axudarnos a organizar o pictografiado do cole, tanto da Biblioteca Axexo coma do resto do centro escolar (incluído o patio) con pictogramas de linguaxe inclusiva de ARASAAC.
- Adquirir máis material bibliográfico de LECTURA FÁCIL (libros, documentos administrativos e legais, textos informativos, páxinas web... que siguen as directrices Internacionais da IFLA -International Federation of Library Associations and Institutions- e de Inclusion Europe en canto á linguaxe, o contido e a forma).  
A ALF revisa os materiais de Lectura Fácil e os valida co logo LF.

## 6.- OUTRAS ACTUACIÓNS.

- Promover o préstamo externo cara a toda a comunidade escolar (familias, antigo alumnado, persoal non docente...).
- Fomentar o uso dos libros dixitais adquiridos entre o alumnado de 6º de primaria.
- Adquirir biliografía para as familias, de temas relacionados coa educación dos seus fillos e así potenciar o uso da biblioteca en horario extraescolar.
- Contactar e colaborar con algunha biblioteca escolar do entorno para intercambiar experiencias e actividades, a través da realización de sesións de contacontos.
- Formar ao alumnado que o desexe para ser contadores de historias empregando soportes como o kamishibai, a caixa negra, títeres, marionetas, caixa de luz, contos interactivos cas Tablets...
- Solicitaremos a participación no “Proxecto EnCANtame Ler” no contexto do Plan LIA.

## 7.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Avaliaranse:

- ♣ Os recursos humanos.
- ♣ Os materiais.
- ♣ A integración no centro.
- ♣ Usos e usuarios.
- ♣ As estratexias, os procedementos, as actividades e a oferta de servizos.
- ♣ A organización espazo-temporal.
- ♣ As instalacións.

## PROCESO

- ♣ A avaliación terá un carácter continuo. De forma permanente iremos realizando unha avaliación continua e formativa que nos permitirá facer os reaxustes e reformulacións oportunas en cada momento.
- ♣ Trimestralmente, nas reunións o equipo da BE fará a análise global do desenvolvemento do proxecto.
- ♣ Ó remate do proxecto realizarase a avaliación final, segundo os criterios que se sinalan, dos seguintes aspectos: deseño das actividades, proceso de traballo e resultados.

## INDICADORES

- ♣ Nivel de participación e implicación do profesorado no proxecto.
- ♣ Si se van acadando ou non os obxectivos propostos.
- ♣ Nivel de satisfacción do profesorado, do alumnado e da comunidade educativa en xeral.

## INSTRUMENTOS

- ♣ Observación e rexistro dos procesos.
- ♣ Observación e rexistro dos resultados obtidos.
- ♣ Postas en común.

- ♣ Cuestionarios.
- ♣ Comentarios do blog e das libretas das mochilas viaxeiras.

Cada actividade será susceptible de avaliación, empregando unhas fichas modelo. O buzón das suxerencias estará á disposición do alumnado e do profesorado.

Coa aplicación Meiga daremos a coñecer as estatísticas que nos permitan coñecer os libros máis lidos, o alumnado máis lector, adquisición por CDU, materia...

O equipo fará unha autoavaliación empregando a ferramenta "Bibliotecas escolares entre interrogantes" (preguntas e indicadores para mellorar a biblioteca), e pasaremos as enquisas ao profesorado, ao alumnado e as familias, cada ano alternativamente.

#### 8.- PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

A responsable dinamizadora da BE, (M<sup>a</sup> Carmen Pérez de la Cruz), contará cun mínimo de catro horas semanais de adicación á biblioteca. O profesorado asignado a este equipo disporá dun mínimo de dúas horas semanais dentro do seu horario, sempre que as necesidades o permitan. Para poder levar a cabo un bo traballo e seguemento co alumnado encargado da biblioteca é preciso contar cun responsable da mesma durante o recreo, contando este como horas de dinamización.

Membros de equipo de apoio á BE:

- Carmen María Pérez Martínez, Xefa de Estudos e mestra definitiva no centro.
- Carolina Muñoz Maíllo, mestra definitiva no centro.

Neste momento debido a que hai moita mobilidade de persoal deixamos aberta a posibilidade de incorporarse algún das/dos mestras/es que se incorporen ao claustro no mes de setembro. O número de membros do equipo estará en función do número total de profesorado e da disponibilidad horaria do centro.

Visto e prace

A coordinadora



Asdo: M<sup>a</sup> Carmen Pérez de la Cruz

A directora



Asdo: M<sup>a</sup> Lucía Ferreiro Rodríguez

**CEIP de Sobrada (código 36015238)**